

**ACTA XUNTA DIRECTIVA
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “AVINZA GDR 15”
O DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2012**

Asisten:

PRESIDENTE

D. Francisco García Suárez

VICEPRESIDENTE 3º

Da. Yolanda Quintas Salgado

TESOUREIRO

D José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS

D. Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio
representado por Antón Cao Santamaría

D. Xoán Xosé Jardón Pedras

D. José Luis Gavilanes Losada
representado por Benilde Vázquez
Martínez.

Da. Mª Ángeles Gil Selas representada
por Maximino Hevia González.

Da. Mª Carmen Pérez Selas representada
por José Abad Gil.

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 17:15 horas do día 22 de novembro de 2012, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. Francisco García Suárez, constituídos en *Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión ordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan como orde do día.

ORDE DO DÍA

Ao comezo da reunión fáiselles entrega a todos os asistentes dun informe dos temas a tratar, adxunto a esta acta.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Toma a palabra o presidente. Apróbbase por unanimidade a acta da sesión anterior, enviada por correo xunto coa convocatoria da presente reunión.

2. Proxectos certificados e orzamento dos mesmos, realizados en 2012.

Infórmase aos asistentes do resultado dos cambios orzamentarios da anualidade 2012 xa aprobados en anteriores xuntas directivas. Preséntase un cadro orzamentos finais para proxectos e o seu reparto por partidas durante o ano 2012.

CADRO RESUMO ORZAMENTO 2012		
MEDIDAS	ORZAMENTO 2012 (i)	ORZAMENTO FINAL 2012
411. Dinamización do sector agrario e forestal	101.924,37	43.994,04
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	20.384,87	16.867,90
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	285.388,24	346.835,54
Productivos	203.848,74	285.388,24
Non productivos	81.539,50	0,00
TOTAL	407.697,48	407.697,48
NOTA: as partidas foron modificadas nas asembleas de Xunta Directiva do día 23/05/2012 e 15/06/2012		

Ofrécese tamén un informe detallado do estado dos proxectos certificados no 2012 e que, neste momento, están a espera da certificación definitiva e cobro da subvencións.

A xerente toma a palabra para explicar máis detalladamente o cadro de proxectos. Pregunta o presidente o estado dos proxectos que están a espera para o vindeiro ano. A xerente informa de que, cos que presentaron a solicitude nestes últimos meses estaría cuberto o orzamento do 2013.

Refírese a xerente o caso dun proxecto que, aprobado por AGADER, vai renunciar a súa execución. Aínda non ten confirmación oficial pero o promotor xa comunicou de palabra que non vai executar. Nestes casos o orzamento que lle correspondería pasaría ao seguinte proxecto. Conveñen presidente e xerente en confirmar seriamente cos promotores a súa intención de executar os seus proxectos pola premura e necesidade nesta última etapa do LEADER.

A xerente tamén comenta o seguinte cadro aportado onde se recollen datos sobre a contía das subvencións, a inversión privada e a creación de postos de traballo. Destaca que cada 8.000,00€ de inversión pública créase ou mantense un posto de traballo.

3. Ratificación de acordos asumidos polo presidente da asociación.

Durante os meses transcorridos dende a última reunión o presidente asinou dous acordos (aprobado en Xunta Directiva que o presidente podería asinar acordos á espera da celebración dunha nova asemblea). Presenta a xerente estes dous acordos:

Medida 431 B	
Campaña de divulgación de 2012	16202, 53 €
Solicitud de prórroga de 15 días para a xustificación das guías por motivos económicos	Data 28/09/2012
Reparto en dúas anualidades a xustificación por motivos económicos 75% 2012 25% 2013	

MEDIDA 413			
EXPEDIENTE: L10-41300-15-0022 Título: Xardinería Allariz SL			
	Orzamento aceptado	%	Axuda €
Axuda acordada na Xunta Directiva	181.184,50	40,8	73.923
Acordo do presidente	166.971,47	40,8	68.124,36
Detectouse un erro no cálculo do orzamento aceptado. Houbo que eliminar do orzamento algúns conceptos como (envasadora de humus, peneira industrial,...) por seren da medida 411			

Un é un cambio de orzamento unha vez detectado un erro nos importes e o outro é unha petición de prórroga por parte do grupo para a xustificación de Promoción e divulgación. Realízase a votación e apróbanse por unanimidade os dous acordos.

4. Acordo, se procede, da solicitude dos Gastos de Funcionamento correspondentes á anualidade 2013 de Avinza GDR 15.

O presidente presenta o cadro de orzamento para o vindeiro ano do funcionamento de Avinza GDR 15. A xerente, a continuación fai unha pequena lectura e explicación do cadro sinalando que o orzamento este ano está moi axustado para os gastos laborais do grupo pois xa non se dispón do orzamento do proxecto AMBI-EMPLÉAte que ven de rematar este mes de novembro coa súa derradeira xustificación. Preséntase o cadro adxunto e se aproba por unanimidade.

5. Propostas de actividades do propio grupo para 2013.

A xerente toma a palabra para expoñer as actividades propostas para o vindeiro 2013. Están pendentes do 2012 dúas actividades, un documental que reflicta a situación das mulleres no rural e un debate sobre a comercialización de produtos agrarios. Estas actividades quedaron sen celebrar por problemas de financiación.

No vindeiro ano propónse elaborar unha publicación que recolla unha escolma dos proxectos subvencionados durante a campaña LEADER 2007/2013. Apróbase esta proposta por unanimidade.

6. Rogos e preguntas.

O alcalde de Vilar de Santos interésase polo estado dun proxecto presentado por un promotor do seu concello, a xerente responde que está en Agader á espera de aprobación e informa que, como neste momento están a realizar a certificación do presente exercicio non teñen aínda resposta e que se agarda para principios de ano. Tamén o alcalde de Paderne de Allariz intervén para interesarse por outro proxecto do seu concello ao que responde detalladamente a xerente.

O presidente despide a sesión emprazando aos socios para o vindeiro ano.

Francisco García Suárez
Presidente

Xabier Rodríguez Oviedo
Secretario